

I

MARCIAL DEL ADALID (1826-1881)

Obra sacra inédita

Motetes a 4 voces Op. 20

Ave Verum, O Salutaris

Motetes a 4 voces Op. 21

Salve Regina, Ave Maris Stella

6 Motetes a 4 voces con acompañamento de órgano ou piano

O Salutaris, Agnus Dei, Ave Maria, Ave Verum,

Tantum ergo, Salve Regina

6 Motetes a solo con acompañamento de piano ou órgano

O Jesu o Fili, Ave Maria, Ecce Panis,

O Salutaris, Santa Maria, Agnus Dei

II

ANTON BRUCKNER (1824-1896)

Salmo 22: Der Herr regieret mich und nichts WAB34

Duración aprox. 1 h 15 min

Unha vez comezado o concerto non se permitirá o acceso á sala

//Afundación

Obra Social ABANCA

Teatro Afundación
Policarpo Sanz, 13 - VIGO
986 120 078

Un concerto
do programa



afundacion.org | Afundación | @Afundacion_org

O papel deste folleto é 100 % reciclado e foi producido baixo unha xestión forestal responsable | Co mecenado de ABANCA

Orfeón Terra a nosa

Director **Luís Martínez**

Coro **Orfeón Terra A Nosa**

Piano **Juan Manuel Varela**

Solistas **Aida López, Aida Cruz, David Ferreiro**

8 de decembro 2024



Concerto núm. 1380

//Afundación
Obra Social ABANCA

Orixinado no século XII, en plena efervescencia da polifonía centroeuropea, o motete é unha forma musical relacionada directamente coa liturxia —aínda que non exclusivamente, pois en determinadas épocas foi fundamentalmente profano—, que perviviu imperecedoiro e orgánico, transformándose segundo as épocas, estilos e funcións, desde a súa xénese ata os nosos tempos. Nado para ser cantado na Igrexa, nun contexto bíblico, con texto en latín, xeralmente para catro voces *a capella*, o motete evolucionou de forma adaptativa, desde os compositores da Escola de Notre-Dame, ata os nosos tempos, chegando mesmo a reinventarse, convertendo trazos primitivos coma a característica politextualidade en símbolo de modernidade.

Desde o Romanticismo, o motete seguiu sendo pretexto para a composición de música sacra con textos respectados pola súa tradición e antigüidade, mantendo a función e o contexto ligado ao relixioso, mais integrando novos recursos vocais e, mesmo, instrumentais —como a inclusión do órgano ou outros instrumentos propios de persoais musicais de colexiatas, mosteiros e catedrais—. Cos movementos do *Cecilianismo* primeiro e do *Motu proprio* de Pío X despois, os autores decimonónicos buscaran modelos na escola romana do século XVI, redescubrinto, por exemplo, técnicas de Palestrina. Así, o motete forma parte da tradición musical e litúrxica do século XIX, representado a través de obras mestras como son os motetes de Mendelssohn, de Brahms ou de Bruckner, e tamén deu lugar a grandes creacións por mestres españois coetáneos como Barbieri, Bretón, Albéniz, Otaño, etc. E a este patrimonio musical contribúese hoxe neste concerto coa recuperación e reestrea dos motetes de Marcial de Adalid.

Os dezaoto motetes por el compostos son froito da súa derradeira etapa vital e de produción (ca. 1870-72). Constitúen case a totalidade da súa obra relixiosa conservada, aos que hai que engadir as obras previas *Salve Regina Mater*, *Los toques de la oración* e *Ave Maria para mezzosoprano con acompañamiento de piano y órgano*. Escribe 6

Motetes a solo con acompañamiento de piano u órgano (N.º 1 *O Jesu o Fili*; N.º 2 *Ave María*; N.º 3 *Ecce panis*; N.º 4 *O Salutaris*; N.º 5 *Santa María*; N.º 6 *Agnus Dei*), 6 *Motetes a cuatro voces con acompañamiento de órgano o piano* (N.º 1 *O Salutaris*; N.º 2 *Agnus Dei*; N.º 3 *Ave María*; N.º 4 *Ave Verum*; N.º 5 *Tantum Ergo*; N.º 6 *Salve Regina*), 3 *Motetes a voces solas o con acompañamiento de órgano* (N.º 1 *Tantum ergo*; N.º 2 *Ave Verum*; N.º 3 *O Salutaris*) e 3 *Motetes a voces solas con acompañamiento de órgano o piano* (N.º 1 *Ave María*; N.º 2 *Salve Regina*; N.º 3 *Ave Maris stella*), que hoxe se interpretarán case na súa totalidade.

Como era habitual na época, todos os motetes adalidianos empregan textos litúrxicos de temática eucarística ou mariana. E, fóra da primeira colección, son acusadamente homofónicos, breves e de estrutura sinxela e pechada. No caso dos seis motetes para voz a solo, precisamente por este carácter solista, están escritos cun estilo máis próximo á canción lírica, onde se busca o lucimento da voz, aínda que dentro da sobriedade e solemnidade que esixe este tipo de repertorio, e o acompañamento de teclado é máis elaborado. Así mesmo, cabe mencionar que Adalid empregaba o recurso de reutilizar e/ou reelaborar materiais entre as súas obras en puntuais ocasións e os seus motetes non son excepción: o último acto da súa ópera *Ynes è Bianca. Drama lirico in quattro atti col un prologo*, no que fai presenza un coro de monxes (acto IV, escena 1ª), Adalid reutiliza o tema do *Tantum ergo*, presente no quinto de 6 *Motetes a cuatro voces con acompañamiento de órgano o piano* e do primeiro dos 3 *Motetes a voces solas o con acompañamiento de órgano*, *Op. 20*.

Todos estes motetes conforman dous volumes encadernados, custodiados na Real Academia Galega e son parte do prolixo legado que a filla do músico, María del Adalid, doou a esta institución en 1828-29, pouco antes do seu falecemento. Hoxe, estes exemplares atópanse a libre disposición a través da web monográfica que recentemente esta institución dedicou á efeméride e a súa recuperación foi, en parte, grazas ao coidadoso labor de custodia levada a cabo durante case un século.

A día de hoxe descoñécese o contexto concreto que motivou a creación destas obras e se chegaron a ser estreadas publicamente en vida de Adalid ou con posterioridade, pero o concerto de hoxe é data memorable, pois parece ser a estrea absoluta en tempos modernos dos motetes de Adalid. Valla como antecedente mencionar a interpretación dunha breve mostra, por este mesmo orfeón, o pasado 23 de marzo, na Igrexa Parroquial de Cambados, cunha proposta orixinal e atípica, selo distintivo do seu director, na que combinou os motetes de Adalid con obras relixiosas de Franz Schubert (1797-1828), Matías García Benayas (+1737) e Gordon Young (1919-1998).

Pecha o repertorio o *Salmo 22 en Mi b Mayor, WAB 34*, «O Señor gobernname» (ca. 1852), para coro mixto de catro voces e piano, de Anton Bruckner (1824-1896), compositor de quen se conmemora este ano o 200 aniversario do seu nacemento. Está baseado na tradución alemá do salmo por Joseph Franz (von) Alliolli, *As Sacras Escrituras do Antigo e Novo Testamento* [Die heilige Schrift deas alten und neuen Testes] (ca. 1830). Do mesmo xeito que sucede nos seus motetes *Locus iste WAB 23* e *Ave Maria WAB 6*, esta música coral de Bruckner evoca un mundo católico de sonoridade envolvente e sobrecolledora que esixe coristas de gran tesitura e potencia, como así demostra o Orfeón Terra a Nosa. Aposta innovadora do seu director, Luis Martínez que, unha vez máis, nos fai unha proposta singular, na que combina obra relixiosa de Bruckner, un dos grandes mestres centroeuropeos, cos motetes do venerable Marcial del Adalid.